

## A OPE DOS FACULTATIVOS INTERINOS DOS HOSPITAIS DO SERGAS

A Coordinadora de Facultativos do CHOP apoia ás Concentracións convocadas, para o día 9 de xuño de 2004, pola Coordinadora Galega de Facultativos de Hospitais exixindo: **REMATE DA OPE XÁ !!**

- **MAIS DE 30 MESES DESDE O INICIO DO PROCESO:** da aprobación da Lei Extraordinaria de Consolidación de Emprego (decembro 2001) até o momento actual.
- **INCUMPRIMENTOS REPETIDOS DOS PRAZOS MÁXIMOS PARA A FINALIZACIÓN DO PROCESO DA OPE FIXADOS POLO PROPIO SERGAS:** xá levan dúas prórrogas.
- **ALGUNS POSIBEIS MOTIVOS:**
  - **Aferrar cartos:** seguir sen pagar os trienios aos que teñen dereito moitos facultativos despois de moitos anos traballando para o SERGAS.
  - **Manter en situación de precariedade a aproximadamente a metade da plantilla dos hospitais,** nun intento de desmovilizala, cando hai múltiples datos do profundo malestar dos médicos coa administración sanitaria galega.
  - **Afán de control desmedido que provoca dificultades para axilizar o proceso** debido a que os altos cargos da Consellería non dan feito pois, no intento de controlar todo por parte dos Servizos Centrais da Consellería, uns poucos directivos destes servizos están nun grande nº de tribunais e semella que non priorizan a finalización do proceso da OPE.
- **A CRONOLOXÍA DA OPE**
  - Decembro 2001: Lei Extraordinaria de Consolidación de Einprego aprobada pola totalidade dos grupos parlamentarios.
  - Outubro 2002: os médicos interinos do SERGAS (AP e AE) realizaron o exame que debería permitir á maioría deles a obtención dun posto de traballo estábel.
  - Decembro 2002 a Xaneiro 2003: lectura dos exames
  - Marzo 2003: convocatoria de méritos da 1ª fase (selección)
  - Antes do verán 2003: notas provisionais do exame.
  - 2º semestre 2003: fin da fase de selección en Atención Especializada (en AP esa fase aínda non rematou).
  - 1º Semestre de 2004: convocatoria da 2ª fase (de provisión) de algunhas especialidades.
  - Situación a 7-6-04:
    - apertura da fase de provisión só nalgunhas especialidades.
    - o SERGAS distribuíu, hai uns días, unha nota no que dí que:
      - durante o mes de xuño 2004 convocará a fase de provisión das especialidades hospitalarias aínda non convocadas e
      - durante o mes de xullo 2004 convocará as entrevistas de algunhas especializadas.

### **ESTAMOS FARTOS E EXIXIMOSLLE AO SERGAS:**

**Cronograma concreto de finalización da OPE!!**

**REMATE DA OPE XÁ!!**

**Concentracións no Hall dos hospitais do CHOP o día 9 de xuño, ás 12 horas!!**